

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CBCOM11	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3070	Operacións auxiliares de almacenaxe	2022/2023	5	146	175

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA JOSEFA BLANCO MÉNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este profesional exerce a súa actividade por conta allea en empresas de distribución comercial, tanto por xunto (centrais de compras, mercados centrais de abastos, cash and carry, etc.), como retalistas (tendas, supermercados, hipermercados e grandes superficies comerciais), en centros de distribución comercial e en departamentos comerciais e almacéns de empresas doutros sectores produtivos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Recepción de mercadorías	Recibir as mercadorías tendo en conta as súas características e as condicións de almacenamento previstas	40	20
2	Etiquetaxe de mercadorías mediante aplicacións informáticas	Etiquetar mercadorías mediante aplicacións informáticas específicas, rexistro e codificación.	30	15
3	Almacenaxe de produtos e mercadorías	Almacenar produtos e mercadorías e xustificar a súa colocación e as condicións de almacenamento en función do espazo dispoñible.	40	20
4	Control de existencias	Realizar inventario de produtos existentes nun almacén, comunicando necesidades de reaprovisionamento e roturas de existencias.	25	25
5	Preparación de pedidos para a súa expedición.	Preparar pedidos para a súa expedición, tendo en conta as características e as condicións de manipulación e conservación de mercadorías e produtos. Documentos de expedición	40	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Recepción de mercadorías	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe mercadorías tendo en conta a relación entre as súas características e as condicións de almacenamento previstas	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse etiquetas, embalaxes e medios de transporte coa tipoloxía de produtos e de destinos, para a súa correcta manipulación
CA1.2 Identificáronse tipos de cargas e mercadorías en función das súas características específicas de manipulación
CA1.3 Verificouse a correspondencia entre as mercadorías recibidas e as súas etiquetas e/ou o contido do albará
CA1.4 Identificáronse os tipos de documentos relacionados coa recepción (pedido, albará, etiquetas, cartas de porte, acta e informe de recepción)
CA1.5 Recoñecéronse as discrepancias e as anomalías máis frecuentes das cargas
CA1.6 Extraeuse unha mostra dunha carga para a súa inspección
CA1.7 Clasificáronse mercadorías conforme as súas características e as condicións de conservación
CA1.8 Descríbironse os procesos de desconsolidación e desembalaxe de cargas manualmente ou utilizando as ferramentas adecuadas
CA1.9 Utilizáronse follas de cálculo para cubrir fichas de almacén
CA1.10 Elaborouse un informe co resultado da recepción, utilizando aplicacións informáticas
CA1.11 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria

4.1.e) Contidos

Contidos
Medios de transporte.
Procedementos de control de descargas.
Concepto e clasificación das mercadorías.
Documentos relacionados coa recepción de mercadorías.
Rexistro de mercadorías. Libro rexistro de entrada e saída.
Fichas de almacén: sistemas FIFO e PMP.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Etiquetaxe de mercadorías mediante aplicacións informáticas	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Etiqueta mercadorías mediante aplicacións informáticas específicas, valorando o control da rastrexabilidade que posibilita o seu rexistro e a súa codificación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse sistemas de codificación de mercadorías
CA2.2 Descríbense os contidos e os significados dos códigos
CA2.3 Consultouse un índice de códigos nunha base de datos de almacén
CA2.4 Etiquetáronse mercadorías co código de xeito visible
CA2.5 Indicáronse condicións de manipulación e conservación dos produtos
CA2.6 Descríbiuse a rastrexabilidade das mercadorías a partir da etiqueta e dos documentos de control
CA2.7 Realizouse a alta no rexistro de existencias utilizando aplicacións informáticas
CA2.8 Respectáronse e aplicáronse as medidas de prevención e seguridade de riscos laborais no almacén

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de codificación. Códigos EAN.
Etiquetas: tipos e funcións.
Ferramentas de control da etiquetaxe.
Rotulación e sinais nas embalaxes. Pictogramas.
Medidas de prevención de riscos laborais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Almacenaxe de produtos e mercadorías	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Almacena produtos e mercadorías, e xustifica a súa colocación e as condicións de almacenamento en función do espazo dispoñible	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Clasifícaronse os tipos de almacéns
CA3.2 Identificouse a situación física das zonas do almacén
CA3.3 Descríbíronse sistemas básicos e regras xerais de colocación de mercadorías no almacén para aproveitar optimamente o espazo dispoñible
CA3.4 Interpretáronse ordes de movemento de mercadorías e produtos para aproveitar optimamente o espazo de almacenaxe ou proceder á súa expedición ou á súa subministración
CA3.5 Descríbiuse o funcionamento de carretas automotoras para a manipulación de cargas
CA3.6 Colocáronse cargas ou mercadorías no lugar indicado na orde de traballo, tendo en conta as súas características e as súas condicións de manipulación
CA3.7 Utilizáronse medios informáticos para transmitir con precisión a información dos movementos de cargas e mercadorías que se realizan
CA3.8 Aplicáronse e respectáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no almacén
CA3.9 Mantívose o almacén limpo e ordenado

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de almacéns desde distintos puntos de vista.
Zonas do almacén. Criterio ABC.
Tipos de andeis de almacenamento.
Equipamentos mecánicos para a manipulación de mercadorías.
Normas de seguridade e hixiene que regulan a conservación e o mantemento de mercadorías.
Seguridade e prevención nas operacións auxiliares de almacenaxe. Sinalización en almacéns

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Control de existencias	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Colabora na elaboración de inventarios de mercadorías, realizando operacións básicas de control de existencias mediante ferramentas informáticas de control de almacéns	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Describiuse a documentación técnica relacionada co almacén
CA4.2 Relacionouse a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento de provedores/as e a demanda
CA4.3 Identificáronse os tipos de almacenaxe e de inventarios, así como as súas variables
CA4.4 Realizouse inventario de produtos existentes nun almacén, elaboráronse partes de incidencia, en caso necesario, e comunicáronse necesidades de reaprovisionamento e roturas de existencias
CA4.5 Sinaláronse os mecanismos que se empregan para asegurar a renovación de almacenaxes e o mantemento das existencias mínimas
CA4.6 Identificouse o sistema óptimo de reposición de existencias en función do tipo de almacén
CA4.7 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas de control de almacéns
CA4.8 Elaborouse a información asociada ao control do almacén, de xeito ordenado, estruturado, claro e preciso, utilizando procesadores de texto e follas de cálculo
CA4.9 Valorouse a relevancia do control de almacén na distribución comercial e no proceso produtivo

4.4.e) Contidos

Contidos
Sistemas de almacenaxe.
Sistemas de reposición das mercadorías. Existencias mínimas e existencias de seguridade.
Inventario: finalidade e tipos.
Proceso de elaboración de inventarios. Fichas para control físico.
Utilización de aplicacións informáticas nas actividades auxiliares de control de existencias.
Loxística, definición e funcións.
Normas básicas de actuación en caso de emerxencias.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Preparación de pedidos para a súa expedición.	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Prepara pedidos para a súa expedición, tendo en conta a relación das características e das condicións de manipulación e conservación de mercadorías e produtos coas ordes de traballo e os documentos de expedición	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Interpretouse a normativa que regula a embalaxe e a etiquetaxe das mercadorías e dos produtos
CA5.2 Relacionáronse as características dos tipos de embalaxe coas características físicas e técnicas dos produtos e das mercadorías, coas súas condicións de manipulación e co seu transporte
CA5.3 Descríbíronse, a partir da orde de pedido, as mercadorías que cumpra expedir
CA5.4 Verificouse, a partir das fichas de almacén, que exista mercadoría suficiente para cubrir o pedido
CA5.5 Descríbíronse os movementos que haxa que realizar no almacén ata localizar a mercadoría na zona de expedición e os equipamentos adecuados de manipulación
CA5.6 Utilizáronse aplicacións informáticas para cubrir notas de entrega
CA5.7 Rexistráronse saídas de mercadorías en fichas de almacén e documentación técnica
CA5.8 Creáronse etiquetas e determinouse o lugar que deben ocupar na embalaxe, así como os sinais de protección da mercadoría
CA5.9 Interpretáronse ordes de carga, identificando o lugar de colocación da mercadoría no medio de transporte en función das súas características físicas e o seu destino
CA5.10 Demostrouse responsabilidade ante erros

4.5.e) Contidos

Contidos
Orde de pedido.
Recepción e tratamento de pedidos.
Consolidación de cargas. Palés: tipos e funcións.
Etiquetaxe e embalaxe de expedición. Tipos de embalaxes segundo a mercadoría. Embalaxes especiais.
Albará: funcións, datos e tipos.
Relacións entre o ambiente e as embalaxes.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os reflectidos nas táboas do apartado 4. c. de cada unha das unidades didácticas, na que ademais indicamos que peso na cualificación ten cada un dos criterios de avaliación que compoñen cada unidade.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN do alumno/a.

Os criterios de avaliación son:

-Coñecementos demostrados a través das probas ou exames que se levarán a cabo durante a avaliación. Peso 70%. Esta cualificación será de 0 a 10 puntos e estará baseada na media da cualificación de exames teórico-prácticos propostos. Nestas probas o alumnado deberá demostrar que coñece suficientemente os contidos que se consideren mínimos. Para superar as probas será necesario sacar como mínimo un 5 en cada unha delas.

- Participación activa na clase, realización de traballos e actividades propostas polo profesor, Peso 30%. No caso de que non se realicen actividades ou traballos, esta ponderación engadirase a nota do examen.

- Realizarase a ponderación das notas nos distintos apartados para acadar a nota de cada avaliación.

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno/a ao termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxetivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os/as alumnos/as que tivesen cualificación positiva nas tres avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

A nota final do módulo obterase en función da media aritmética das tres avaliacións, sempre que se acadase un mínimo de 5 puntos en cada unha delas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O/a alumno/a que non supere algunha avaliación, terá un examen de recuperación das avaliacións non superadas e celebrarase na data que estableza o centro.

O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas.

Para superar a avaliación ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo co artigo 2.3 da orde do 30 de xullo de 2007 e art. 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua e terá dereito a unha proba denominada "exame final" que constará de dúas partes.

- Proba escrita, será eliminatoria, e terá unha puntuación de cero a dez puntos, que incluírá diversas preguntas teóricas de resposta larga, corta e tipo test de toda a materia, na que se incluírán contidos das unidades didácticas.

- A proba práctica, será eliminatoria, e terá unha puntuación de cero a dez puntos, versará sobre varios casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

Para superar á proba deberá ter unha puntuación mínima de cinco puntos en cada parte. A nota final, será unha media aritmética das dúas notas.

O alumnado candidato deberá vir provisto de bolígrafo de cor azul e calculadora persoal sinxela.

Non se permitirá o uso de teléfono móbil ou doutro dispositivo electrónico que substitúa á calculadora convencional.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Ademais de avaliar os aprendizaxes dos alumnos, a información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións ao respecto.

En relación aos procedementos e instrumentos para a avaliación da ensinanza, utilizaranse os seguintes:

- O contraste das experiencias con outros compañeiros do equipo docente o de outros centros.
- A reflexión a partir da análise comparativo entre resultados esperados e os obtidos.
- Outro elemento a considerar podería ser a información proporcionada polo titor a cada profesor acerca das impresións transmitidas polos alumnos nas tutorías con respecto os diversos módulos.
- Os cuestionarios contestados polos propios profesores e polos alumnos sobre asuntos que afecten a marcha xeral do centro e do módulo.

A intervención educativa debe ser continua e, por tanto, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios pertinentes e no momento adecuado. Non obstante, dadas as características dos diferentes elementos do proceso e dos documentos en que se plasman, hai momentos especialmente indicados para recoller a información que serve de base para a avaliación:

- A avaliación inicial ao comezo do curso para situar tanto o punto de partida do grupo como do equipo docente, así coma os recursos materiais e humanos de que dispón o centro.
- Tras a finalización de cada unidade didáctica para tomar decisións sobre posibles cambios na propia unidade ou seguintes.
- Ao final do ciclo ou curso, os datos tomados durante o desenvolvemento da programación permitirán avaliar e tomar decisións de modificación das programacións.

En resumen, a avaliación do proceso de ensinanza - aprendizaxe vains permitir avaliar a actividade docente, e deste xeito poder mellorar aqueles aspectos que sexan deficientes ou non acaden as expectativas desexadas.

Todo isto axudaranos a mellorar a programación para o curso seguinte e solucionar aquelas deficiencias que puidera ter esta. Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinados alumnos.

Terá por obxecto coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa, todo encamiñado a tomar as medidas de reforzo que se estimen oportunas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación está elaborada para un grupo de alumn@s, que poiden presentar dificultades de aprendizaxe, discapacidade física, alumn@s estranxeiros con problemas de comunicación, alumn@s con problemas de inserción social ou trastorno de personalidade, con necesidades educativas específicas etc.

A atención pode ser tan diversa que para cada caso adoptaranse distintas medidas especiais en función das necesidades e da situación concreta de cada alumn@.

Dentro do desenvolvemento didáctico deste módulo profesional aplicaranse as medidas necesarias para dar resposta ao alumnado con necesidades educativas específicas, sempre contando co apoio do Departamento de Orientación do IES.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante destacar que con este módulo non só se pretende acadar as capacidades ou obxectivos anteriormente expostos, senon que ademais estableceremos obxectivos en relación cos temas transversais, co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación, e coa prevención de riscos laborais derivados do exercicio profesional.

Temas transversais

Se temos en conta que o centro educativo non so serve a fines individuais, senon tamén a fins sociais, e que prepara para vivir como adultos responsables, entendemos perfectamente que se aborden xunto a temas formativos-científicos, temas transversais que dean resposta a outras necesidades básicas, referidas principalmente a valores, ideoloxías, modos, etc.

Por elo, establecemos o seguinte obxectivo para noso módulo profesional:

Resolver os conflitos mediante o diálogo, sendo transixentes e aceptando as ideas dos demais como bases dunha convivencia en paz, así como respectar a todas as persoas sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas.

Na formación do alumno ademais do coñecemento científico correspondente ás distintas áreas, convén que se formen en aspectos relativos á convivencia. Estes temas non son específicos de ningunha área, pero todas elas poden tratalos.

Os temas a tratar son:

A educación para a igualdade de oportunidade de ambos sexos

- Terá un tratamento fundamentalmente metodolóxico, coidando aspectos como; nivel de expectativas iguais ante alumnos e alumnas, idéntica dedicación a ambos sexos, evitar actitudes protectoras hacia as alumnas e asignar tarefas de responsabilidade en función das capacidades individuais.

A educación ambiental

- Potenciaranse as actitudes persoais de aproveitamento de materiais nas aulas

A educación para a saúde e calidade de vida.

- Traballarase a atención e respecto das normas de uso das ferramentas e aparellos do laboratorio. Traballarase tamén o respecto polo orde e a limpeza no posto de traballo.

A educación para o consumidor

- Potenciarase o consumo moderado e responsable de recursos e materiais funxibles. Potenciarase tamén a aplicación de criterios de racionalidade enerxética naqueles temas sensibles.

Outros temas que tamén se poden tratar son:

Educación para a paz.

Educación moral e cívica.

Educación para o lecer.

Educación vial.

Educación sexual.

Uso das tecnoloxías da información e comunicación

De igual modo, e posto que hoxe en día estamos inmersos na era da sociedade da información, non debemos descoidar o uso que o alumnado pode facer das tecnoloxías dispoñibles para a búsqueda e comunicación da información. Por elo, establecemos os seguintes obxectivos relacionados co uso adecuado das tecnoloxías da información e comunicación para o módulo profesional:

Utilizar satisfactoriamente as diferentes ferramentas e técnicas propias das tecnoloxías da información e comunicación para a busca da información, discriminando e contrastando a veracidade e corrección da información obtida. Ademais, estes contidos novamente se desenvolveran a o largo de todas e cada unha das unidades didácticas.

Prevención de riscos laborais

Por último, e dado que a finalidade última de o ciclo formativo e formar profesionais que poidan incorporarse directamente o mundo laboral, e necesario que o noso alumnado coñeza os riscos laborais propios da súa profesión. Concretamente en este módulo os riscos laborais máis importantes están directamente relacionados tanto con unha mala organización do posto de traballo como con unha mala ergonomía no mesmo. Es por elo, que estableceremos en o módulo profesional o seguinte obxectivo:

Coñecer e respectar as principais normas de prevención de riscos laborais no posto de traballo.

Estes contidos vanse a secuenciar de maneira transversal o largo do módulo profesional, de forma que a finalización do mesmo se desenvolvesen completamente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programación de actividades que se relacionen, sempre que sexa posible, con capacidades que se deriven do perfil profesional e a súa adaptación

aos requisitos profesionais do seu contorno.

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia

Este módulo impartirase íntegramene de forma presencial, non se acolle ó 20% voluntario de forma telemática, co fin de non perxudicar ós colectivos máis vulnerables. A ensinanza presencial é a única que ofrece igualdade de oportunidades a todo ó alumnado.

En caso de confinamento , se a ensinanza se tivese que impartir de modo telemático, os mínimos esixibles serán os mesmos en función do peso específico dos R.A. que figuran nesta programación para a ensinanza presencial e utilizaranse medios telemáticos empregando a aula virtual do centro IES TERRA DE TRASANCOS e preferentemente a aplicación OFFICE 365 e a plataforma WEBEX e Hangouts.

O procedemento para avaliar será tamén o mesmo que para a presencial como se indica no apartado 5 desta programación: probas escritas utilizando os medios telemáticos máis convintes.

No caso de entrega de traballos e exercicios prácticos, éstos deberán de ser entregados na data establecida pola profesora e deberá seguir as pautas indicadas no punto 5.

Sempre que sexa posible as probas, exámes,..., serán presenciais.